

AS FORTIFICACIÓNS DE FRONTEIRA NO BAIXO MIÑO

O treito do río Miño entre Crecente, onde o perdemos como fronteira con Portugal, e Camposancos constitúe a chamada **Raia Húmida** polo seu carácter de **fronteira natural**. Estas terras serán ao longo da historia escenario vivo de numerosos intercambios e non menos numerosos enfrontamentos.

Aquí temos situadas algunhas das máis fermosas **fortalezas galegas da Época Moderna**, froito do período relativo á **Guerra de Restauración Portuguesa (1640-1668)**, que xorde como consecuencia da anexión do reino portugués por parte de Felipe II, monarca español, no 1580. Esta guerra iniciárase coa proclamación de independencia dos portugueses en 1640, dando así comezo unha carreira de fortificacións a ambas as dúas beiras do río Miño.

A ARQUITECTURA DAS FORTALEZAS

Estas fortificacións, que irán xurdindo ao longo da Raia, non se poden entender dun xeito illado, senón como parte de distintos **sistemas defensivos** interrelacionados entre si, e que tiñan como finalidade protexer un límite territorial concreto.

A **arquitectura militar** evoluciona ao longo dos séculos XVI e XVII para adaptarse aos avances no uso da pólvora e da artillaría, dando lugar a un tipo de fortificación abaluartada (recinto poligonal rematado por baluartes defensivos), que resistirá mellor as ofensivas militares.

En Tomiño hanse construír varios fortes, que eran parte de dous sistema distintos: por unha banda, o sistema Amorín-San Luís Gonzaga e, por outra banda, o de Goián-Vilanova de Cerveira-Estás.

- **O sistema Amorín-San Luís Gonzaga**

Composto en Galicia pola fortaleza de Amorín e os fortes de San Luís Gonzaga e San Jorge da Silva en Portugal.

Os dous primeiros serán construídos polo exército español no ano 1657, formando entre ambos unha cabeza de ponte nunha zona onde o río se estreita. En resposta a este avance, construírán os portugueses o forte de San Jorge da Silva.

O **castelo de Amorín**, construído completamente en terra e con profundos fosos, formaba, xunto co de Medos, un **sistema viario de defensa da cidade de Tui** e, ao mesmo, tempo configuraba un sistema par enfrontado coas fortalezas do lado portugués. Responde ao modelo de arquitectura militar abaluartada do século XVII.

Levántase sobre un montículo a poucos metros do río e constrúese en varias fases. Despois de que finalizara a guerra cos portugueses, as obras de ampliación continuaron durante varios anos. Tiña varias dependencias interiores como a casa do Gobernador, cuarteis e corpos de garda.

- **Sistema Goián-Vilanova de Cerveira-Estás**

Este conxunto de fortalezas xorde como consecuencia do avance do exército portugués cara ás terras máis baixas do río Miño. A poboación da Barca en Goián será atacada en dúas ocasións e alí iniciarán no ano 1644 a construción dun sistema de **fortalezas terreñas**, que servirán de modelo para outras fortificacións posteriores.

Nosa Señora da Concepción, levantada polos portugueses e situada nunha elevación do terreo a 1,5 km do río, será a principal e máis grande edificación do sistema na súa parte galega, e será erixida completamente en terra e madeira. Outras fortalezas posteriores construídas polo exército español, como a de Medos ou Amorín, seguirán este modelo, que ofrecía as vantaxes dunha rápida construción.

Era de planta irregular e ocupaba 50 000 m² de superficie. A súa función defensiva estaba completada por outras dúas fortificacións coas que se intercomunicaban mediante un sistema de trincheiras.

Na actualidade o seu trazado orixinal está moi desvirtuado por diversas edificacións e camiños que ocupan o terreo da fortificación. A ermida de san Roque eríxese no que sería o patio de armas, e a estrada que une Goián coa zona do río atravesa o conxunto pola súa metade.

En resposta a estas fortificacións erixidas polos portugueses, o exército español situarase nas proximidades e construíra o **Forte de Medos**, en Estás. Rematouse no ano 1664 e será levantado en terra, cunha superficie útil no seu interior de 5000 m² e con espazo para almacéns, polvoreiras, pavillóns, etc. Xunto co castelo de Amorín, tería a función de cortar o paso do exército portugués cara a Tui, que contaba cunhas defensas moi pobres.

Tras a firma do Tratado de Paz en 1668, comeza un período de devolución das prazas tomadas e un reforzo das fortificacións. Ambas as partes deciden manter algunhas delas, facendo modificacións ou completando a defensa con novas edificacións, como por exemplo será o caso de **san Lourenzo de Goián**.

Este forte foi construído polos españois enriba do primitivo Forte da Barca, para substituír o complexo defensivo portugués que defendía a zona de Goián e co obxectivo de reforzar a zona de cara a un posible novo conflito con Portugal. Aínda que é de pequenas dimensións, presenta unha das plantas máis interesantes de todo o conxunto galego, pola súa perfección e simetría.

Feito en pedra, ten forma case cadrada, con baluartes nos ángulos e tres medias lúas defensivas, adquirindo así a planta unha forma estrelada e rodeada toda ela por un foso. No seu interior albergaba almacéns, cuarteis, unha polvoreira, capela, casa do gobernador e do capelán, cortellos e pozos.

É o mellor conservado de todo o conxunto de fortalezas.

Encontrámonos, pois, cunha zona de grande interese patrimonial, tanto pola entidade dos bens como polo que no seu momento supuxo o fenómeno de fortificación fronteiriza, con edificacións erguidas a ambos os dous lados do río Miño.

Todas teñen a declaración de **BIC, Ben de Interese Cultural**, o máximo nivel de protección contemplado na Lei do patrimonio cultural de Galicia.